

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL CATORCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas e cinco minutos do día vinte e dous de decembro de dous mil catorce, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Faustino Cebreiro Paz, que abandona o salón de sesión as trece horas e corenta e cinco minutos antes do punto de rogos e preguntas, Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Rocío Martínez Martínez. e Jairo Orjales Sande, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.- Aprobación se procede da acta do pleno do día vinte e oito de novembro de 2014. Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a acta anterior. Sete votos a favor e dúas abstencións dos concelleiros Jairo Orjales Sande e Cándido Eusebio Prieto Lago. O concelleiro Benigno Galego Castro intervén para aclarar que na súa intervención do Pleno anterior a altura da zanja que mencionou é de 1,15 e non de 1,50 como pon a acta.

2.-Proposta para emendar un erro aritmético no acordo do Pleno do día 28.11.2014 de aprobación do POS 2015. Despois de ler a proposta da alcaldía seguinte : **PROPOSTA DA ALCALDIA**

Advertido dun erro material no acordo do Pleno reunido o día vinte e oito de novembro de 2014, esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo : **PRIMEIRO** : Emendar o erro numérico advertido no acordo de aprobación do POS 2015 que se quedando os cadros numéricos como se establecen a continuación .**A) Realización de obras e subministracións:**

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Camiño de cruce de Cruz Encarnada -Vilarelle a Vilela e de Vilela a Felgueira (A Barqueira) e outros	69.469,94	0,00	69.464,94
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIONES	69.469,94	0,00	69.464,94

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	46.318,30 €
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	0,00 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	46.318,30

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	69.464,94	0,00	69.464,94
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	46.318,30		46.318,30
TOTAL			115.783,24


Os membros do Pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior .

3. Aprobación do expediente de aprobación do Presuposto municipal para o ano 2015 así como o cadro de persoal .Despois de ler a proposta da alcaldía seguinte : PRESUPOSTO MUNICIPAL PARA O ANO 2015 .Unha vez realizado o proxecto de presuposto municipais para o ano 2015 que ascende a un total de ingresos e gastos de 1.043.200,00 euros, cos que se pretende facer fronte a tódolos proxectos de gastos que pretende realizalo concello no vindeiro exercicio económico e que se concretan na documentación que obra no expediente de aprobación do presuposto e atendendo o disposto nos artigos 162 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa a aplicar, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte **ACORDO:Primeiro:** Aprobar inicialmente o presupostos deste concello para o ano 2015, por unha cantidade, tanto a nivel de ingresos como de gastos de 1.043.200,00 euro que se resume por capítulos nos cadros seguintes

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Cap.	Denominación	Euros	Cap.	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	443.412,05 €	1	Impostos directos	190.000,00 €
2	Gastos en bens correntes	409.801,26 €	2	Impostos indirectos	5.000,00 €
3	Gastos financeiros	200,00 €	3	Taxas e outros ingresos	108.200,00 €
4	Transferencias correntes	16.600,00 €	4	Transferencias correntes	577837,06 €
			5	Ingresos patrimoniais	20.550,00 €
6	Investimentos reais	173.186,69 €	6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €	7	Transferencias de capital	141.612,94 €
8	Activos financeiros	0,00 €	8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	9	Pasivos financeiros	0,00 €
Suma		1.043.200,00 €	Suma		1.043.200,00 €

Segundo: Aprobar o cadro de persoal do concello para o ano 2015. **Terceiro:** Iniciar o período de exposición ó público por un período de quince días no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. No caso de que non se presentaren reclamacións neste prazo o presuposto para o ano 2015 considerarase definitivamente aprobado, polo que se deberá publicar, resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

Cuarto: Remitirlle unha copia dos presupostos a Administración Autonómica e a Administración do Estado, así como unha copia do cadro de persoal. Cerdido, 15 de decembro do 2014.A alcaldesa **Ana Rodríguez Montero .Os membros do Pleno por maioría aprobaron a proposta anterior** con cinco votos a favor dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Faustino Cebreiro Paz,e o voto da Sra. Alcaldesa . e catro votos en contra dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago,Rocío Martínez Martínez. e



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Jairo Orjales Sande,

A alcaldesa explica que a primeira parte de memoria da Alcaldía é copia da memoria do ano anterior e por un erro se transcribiu na deste ano . Respecto ao presuposto admite que baixou en cantidade respecto o ano anterior porque non hai convenio de colaboración coa Deputación da Coruña e anuncia que despois de descontar os gastos de persoal , servizos sociais e servizos publico básicos non hai moito marxe para facer novas iniciativas, o que se pretende é que cando chega unha nova subvención adicala a investimentos que reduzan gastos como xa se fixo coa fotovoltaica , as placas solares da piscina ou o recente cambio de iluminación por bombillas LED e redución do fluxo que se fixo este ano para así poder baixar a facturación da enerxía eléctrica .

O concelleiro Benigno Galego Castro afirma que non entende como se colou esta parte da memoria da alcaldía e entende que este asunto se debería quitar da orde do día , as porcentaxes da memoria tamén están mal , así como a afirmación de que o IBI , vai no capítulo 3 de ingresos . Entende que se subiron as taxas da auga , do lixo , dos servizos sociais e se baixan as taxas por licenzas de obras . Se compran terreos dos que non se fan nada con eles , anos atrás falábase dun cámping do que non se fixo nada . Solicita unha explicación de porque aumenta a area de gasto 4 . A partida para emerxencia social aumenta este ano e pensa que se debería realizar unha convocatoria publica para evitar pensar que estos cartos son para comprar votos , pregunta sobre os gastos de combustible do campo de fútbol , canto esta consignado porque dise que a gasoleira dona este combustible . Solicita saber que esta incluído na partida de gastos que figura na páxina 21 de traballos doutras empresas de Deportes así como os gastos de telecomunicacións que ascenden a 800 euros . En canto o campo de fútbol é rentable o contrato de mantemento ? . Na área de gastos 9 hai unha partida para dietas por un importe de 3000 € a que vai adicada ? Este ano cobrouse algo? . En canto as horas extraordinarias se pagan aos traballadores e entende que se debería regular moito mais nas bases de execución e non negociar individualmente con cada traballador . En relación a partida de 21.500,00 € de auga para traballos doutras empresas , a que vai adicada ? É rentable o contrato de Aquagest? . Hai outra partida de 28.000,00 € en tratamento de lixo a que vai adicada ? . En relación os contratos menores elimínase a obriga de solicitar tres empresas e entende que se debería incorporar . En relación o anexo persoal , hai un erro nos porcentaxes , en relación o anexo de inversións entende que cada ano se cambia de ideas

A Alcaldesa explica que os investimentos que están realizando , están dirixidos a reducir os gastos , e entende que a compra de terreos foi unha boa inversión porque o terreo dos Casás non se podía dividir e o terreo xunto o campo de fútbol pode ser utilizado para moitas cousas no futuro e esta ben situado xunto aos investimentos deportivos do concello , en relación a area de gastos 4 , conséganse o imposto que se debe pagar pola fotovoltaica así como as achegas que se deben facer para podermos incorporar ao futuro xeoarque do Ortegaleira , ao xeo destino turístico que se pretende facer . En canto os gastos de emerxencia social , van destinados a familias que o necesitan , todo expediente conta con un informe do Traballador Social que fai unha análise da unidade familiar e non son dadas a dedo , no caso que coñeza algunha familia que o necesita pódello comunicar o Traballador social , xa que non todas as familias que o necesitan aceptan esta axuda . En canto o gastos de combustible do campo de fútbol descoñece a cantidade . Os gastos adicados a traballos doutras empresas en Deportes van dirixidos o pago da contratación de socorrismo da piscina e

mantemento do campo de fútbol e entende que é rentable en tanto sacan traballo aos traballadores municipais. Os gastos de telecomunicación en deportes son para o teléfono da piscina xa que se incluír os gastos de acceso a Internet para o persoal que esta na piscina . Os gastos das dietas de 3000,00 euros son os gasto para desprazamentos para a Alcaldía e os concelleiros que o precisan e este ano aínda non se cobrou nada . Os gastos doutras empresas en materia de lixo e para pagar a SOGAMA e en materia de augas é para pagar a Aquagest , así con este contrato a auga esta mais controlada e se lle saca traballo ao persoal municipal. En canto o anexo de invesion , cambiáronse as porcentaxes do ano anterior porque o que se pretende é realizar investimentos que aforren gastos xa que este ano se investiu bastante en camiños.


O concelleiro Jairo Orjales Sande intervén para explicar que en realidade subíronse as taxas da auga e do lixo por culpa dunha política enerxética errónea .O presuposto é continuista e cada vez temos menos veciños , se o Concello non é atractivo non virán novos veciños , non temos gardería , o polígono industrial é privado , gran error . Pódense facer viveiros de empresas como outros concellos , séguese coa política de resignación e así nos quedamos sen veciños .O presuposto municipal debería recoller proxectos para que a xente veña a vivir aquí . Neste concello temos unha riqueza forestal importante da que se queda pouco no concello . O concello debería saber o que temos e sacarlle rendemento , como a Fraga dos Casás . Vexo apatía e que se intenta manter o que temos , debería haber plan para mantemento das pistas o que suporía que no tiñamos que investir tanto en reparación de camiños.A ordenanza de montes tense que facer cumprir , a explotación forestal debe ser compatibles con outros usos , hai que ter mais imaxinación para que a xente non marche do Concello. Pregunta si se privatiza a piscina .

A Alcaldesa explica que a piscina non se privatiza porque isto suporía que aumentarán moito o prezo , a piscina ten que ter acceso os nenos e persoas maiores que a precisan , a piscina non é rentable . En canto o problema das pistas municipais é que estas van o monte e ademais comunican núcleos , polo que a labor forestal estropea moito, en canto a riqueza forestal que temos, debería haber unha procesadora no Concello , que todas sonde fora , pero isto debería facelo unha empresa privada .

Control e fiscalización dos órganos da Corporación:

4-Dar conta dos decretos da Alcaldía . Os membros do Pleno déronse por enterados

Núm.	Data	Descrición
Outubro 2014		
188	24/10/2014	Autorización ao grupo municipal do PsdeG-PSOE para usar a casa da cultura para unha charla con veciños
189	24/10/2014	Aprobación de facturas do nº 440 ao nº 459
190	26/10/2014	Autorización a particular para usar un local do Castro para unha xuntanza dunha peña
191	28/10/2014	Autorización a Airiños para usar un local do Castro para ensaios
192	28/10/2014	Concesión da licenza de obra 2014/U008/000003 para construír un porche en Freis
193	28/10/2014	Autorización a Cebarca para usar o pavillón polideportivo para entrenar
194	28/10/2014	Autorización a Albar Quercus para usar un local do Castro para as clases de zumba




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Novembro 2014

195	04/11/2014	Acordo de devolución da garantía presentada por José Manuel Piñeiro López SL, presentada pola obra de Camiño Seoane (A Barqueira), expediente: 2013/C003/000003
196	07/11/2014	Acordo de aprobación da relación de recibos do SAF do mes de outubro de 2014
197	10/11/2014	Alta no padrón municipal de habitantes de dous veciños en Torre
198	11/11/2014	Autorización a Albar Quercus para usar os locais do Castro para a festa dos maiores
199	11/11/2014	Aprobación do contrato menor núm. 2014/C002/000008 para o subministro dunha fotocopiadora e aprobación do gasto e do pago
200	11/11/2014	Aprobación de facturas do nº 461 ao nº 489
201	12/11/2014	Aprobación da certificación nº1 e final da obra: Renovación da instalación de iluminación pública exterior subvencionada polo INEGA e liquidación da taxa
202	13/11/2014	Aprobación das Bases xerais e específicas para o acceso en propiedade a praza de persoal laboral do concello de Cerdido de servizos varios en quenda de consolidación de emprego temporal, convocatoria e publicación
203	13/11/2014	Alta no padrón municipal de habitantes dun veciño en Chao
204	13/11/2014	Aprobación de facturas do nº 490 ao nº 496
205	14/11/2014	Acordo de participación na convocatoria de programas para servizos sociais dirixidos a concellos para o ano 2015, da Deputación da Coruña
206	14/11/2014	Aprobación do presuposto e do gasto do contrato menor para o subministro de sinais para vías
207	14/11/2014	Autorización a Comisión de festas da Barqueira 2015 para usar un local de Avispeira para unha xuntanza
208	14/11/2014	Autorización a Airiños para usar un local do Castro para ensaios
209	18/11/2014	Aprobación da certificación nº1 da obra Pavimentación camiño fronte a Feira no lugar de Porto e outros e liquidación da taxa
210	21/11/2014	Convocatoria dun pleno extraordinario para o 28/11/2014 pola necesidade de ter aprobado o POS 2015
211	21/11/2014	Aprobación da certificación nº1 da obra Ampliación abastecemento a Barbas (A Barqueira) e outros e liquidación da taxa
212	21/11/2014	Acordo de devolución da garantía presentada por Guerreiro Somozas SL, presentada pola Obra de Edificación destinada a almacén nos Casás, expediente: 2013/C003/000001
213	25/11/2014	Aprobar a participación no programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado polo Feader, coa obra Camiño Pozadauga- O Covelo (A Barqueira - Os Casás) e outro
214	26/11/2014	Aprobar o expediente de modificación de crédito número 08/14
215	27/11/2014	Acordo de contratación dunha auxiliar do SAF
216	28/11/2014	Acordo de participación na convocatoria de subvencións a concellos para actividades culturais, investimentos culturais, investimentos deportivos e para contratar animadores

		culturais durante o ano 2015 da Deputación da Coruña
217	29/11/2014	Aprobación de facturas do nº 497 ao nº 524
218	28/11/2014	Aprobación do proxecto e do gasto da obra: Rexeneración paseo fluvial do río Pontellas
Decembro 2014		
219	02/12/2014	Aprobación do expediente de modificación de crédito 10/2014 por transferencia entre en materia de persoal
220	02/12/2014	Acordo de contratación dunha auxiliar do SAF para cubrir a baixa laboral dunha traballadora
221	02/12/2014	Aprobación do proxecto e do gasto da obra: Instalación de calefacción na escola de Avispeira
222	02/12/2014	Autorización a APA “Os Carrís” para usar a aula de informática para impartir cursos
223	03/12/2014	Acordo de participación na convocatoria dos programas de subvencións a concellos para investimentos e actividades de promoción económica 2015, da Deputación da Coruña
224	04/12/2014	Acordo de participación na convocatoria dos programas de subvencións a concellos de menos de 20.000 habitantes para a realización de investimentos no medio ambiente durante o ano 2015, da Deputación da Coruña
225	04/12/2014	Acordo de participación na convocatoria dos programas de subvencións a concellos para investimentos de medio ambiente 2015, da Deputación da Coruña
226	05/12/2014	Acordo de participación na convocatoria dos programas de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para actividades de promoción dos recursos turísticos dos concellos e dinamización da súa zona de influencia durante o exercicio 2015, da Deputación da Coruña
227	05/12/2014	Acordo de renuncia a participación na convocatoria dos programas de subvencións a concellos de menos de 20.000 habitantes para a realización de investimentos no medio ambiente durante o ano 2015, da Deputación da Coruña
228	09/12/2014	Acordo de devolución da garantía presentada por José No Mantiñan e Hijos, Construcciones SA, presentada pola obra de Camiño Panceira- Cabanas e outros, expediente 2012/C001/000002
229	09/12/2014	Alta no padrón municipal de habitantes dun veciño en Porto
230	09/12/2014	Aprobación de facturas do nº 525 ao nº 558
231	10/12/2014	Autorización ao grupo municipal do PsdeG-PSOE para usar a casa da cultura para unha charla con veciños
232	11/12/2014	Acordo de aprobación da relación de recibos do SAF do mes de novembro de 2014
233	12/12/2014	Aprobación da certificación núm.1 e final da obra :Rexeneración do paseo do río Pontellas
234	12/12/2014	Alta no Padrón de habitantes en Campo da Igrexa 13 Os Casás
235	15/12/2014	Autorización de uso da casa da cultura o voceiro do Grupo Municipal do BNG para asemblea local o día 27.12.2014
236	15/12/2014	Dar de alta no padrón de habitantes no lugar de Campo da Igrexa Os Casas
237	15/12/2014	Convocatoria de pleno ordinario



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

O concelleiro Benigno Galego Castro solicita explicación sobre os seguintes decretos :

Núm. 206 . A alcaldesa explica que se trata da compra de sinais de indicación de lugares do Concello e para a entrada , para cambiar algunhas que están moi deterioradas

Núm. 214. A alcaldesa explica que pensa que se trata a incorporación da subvención da rexeneración do paseo fluvial

Núm. 216 . A alcaldesa explica que se trata da solicitude das subvención culturais da Deputación

Núm. 218. Trátase da obra de rexeneración do paseo que nun primeiro momento rexeitaron a subvención e logo notificáronos a aprobación .

Núm. 219 . A Alcaldesa afirma que non se acorda

Núm. 225 .Solicítase o cambio de iluminación no pavillón para tecnoloxía LED

Núm. 226 .Solicítase a realización de folletos turísticos do Concello .

5 Mocións de Urgencia . Non se presentaron

6- Rogos e Preguntas.

O concelleiro Benigno Galego Castro realiza as seguintes preguntas :

Vaise arregar a Ponte do Cardeal ? A alcaldesa explica que foi un coche que estropeo a ponte e en lugar de dar parte ao seguro vai a amañala .

O muro da Igrexa dos Casas vaise amañar , porque os veciños se están a xuntar para reparala ? A alcaldesa afirma que non sabia nada .

A piscina hai que facerlle algunha reparación ? A alcaldesa explica que sempre se lle fai un mantemento nestes meses que esta pechada e que vai a volver a reparala a empresa que o fixo o ano anterior a cargo a garantía ..

Roga que se faga un mantemento as casetas de madeira nas que esperan os nenos o transporte escolar .

Realizouse unha contratación de persoal nova para que ? A alcaldesa explica que se contratou unha persoa da lista , para cubrir as vacacións do persoal durante un mes .

Solicita que as comunicacións que se lle fagan, en lugar de realizalas por correo certificado que se lle avise e as recolle no Concello porque ata os sábados non pode ir a Cedeira a recollelas .

O concelleiro Jairo Orjales Sande fai os seguintes rogos e preguntas .

Respecto ao persoal , hai concellos que están sacando as prazas de persoal laboral fixo e solicita que se fai neste Concello que se realice por oposición libre . .

Solicita que se comunique a todos os veciños os servizos de orientación de emprego cos que conta o Concello

Solicita que se realiza unha convocatoria pública para poder distribuír as axudas de emerxencia social e que se comunique a todos os veciños para que o saiban .

Solicita que a ordenanza da madeira se faga cumprir .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as trece horas e cincuenta minutos do día vinte e dou de decembro de 2014 . Do que eu dou fe :

A alcaldesa

A secretaria

Ana Rodríguez Montero

Paula Diaz Tie